



Sindicato de  
Traballadoras e  
Traballadores  
do Ensino  
de Galiza

Steg Opina

## O STEG lamenta o despropósito das novas instrucións de comezo de curso.

10 DE XUÑO DE 2022

A Consellería vén de publicar en datas recentes as novas instrucións para o comezo do vindeiro curso que, ao noso criterio, ocasionarán importantes perxuizos ao normal funcionamento dos centros educativos. Ao tempo, establecen alteracións nos dereitos do profesorado. Coa toma de posesión a 1 de setembro, faise imprescindible que se respecten e establezan períodos axeitados de preparación do novo curso e coordinación entre o profesorado para garantir a calidade do ensino público. A ausencia de exames nos primeiros días de setembro propicia un ámbito idóneo para avanzar nos centros de secundaria en prácticas que son habituais dende hai moito tempo nos centros de Educación Primaria e Infantil, onde esta primeirísima parte do curso se orienta á preparación da actividade nas aulas.

O STEG entende que a ampliación do calendario escolar –que se amplía a 176 días lectivos– desaproveita esta oportunidade tan clara para mellorar a función docente dende o punto de vista pedagóxico.

Na mesma liña, é moi criticábel o xeito en que se xestionará o reparto dos grupos e os horarios, que agora deberá ser a través dun claustro celebrado durante o mes de xullo, pois neste órgano colexiado dos centros só poderá participar o profesorado con destino definitivo no mesmo para o vindeiro curso. É dicir, aquel profesorado que con seguridade se incorporará ao seu novo centro o 1 de setembro, non vai poder participar na toma de decisións fundamentais para o comezo do novo curso, o que na práctica é unha vulneración flagrante dos seus dereitos como docente e traballadora do ensino público.

O STEG entende que se promove un funcionamento anómalo dos órganos colexiados dos centros dende o punto de vista democrático, o que non axuda en nada á mellora da súa actividade, engadindo elementos de distorsión e caos a estes pois, ao tempo, continúa en vigor a orde que rexe o Regulamento de Organización Interna e a elección de horarios e grupos debe facerse en setembro, ao contrario do que a Consellería pretende con estas reunións en pleno xullo.

Do mesmo xeito, a Consellería impide a atención á diversidade na incorporación do alumnado de educación infantil, limitando o dereito das crianzas a incorporarse dun modo progresivo aos centros escolares, seguindo o seu propio ritmo. Reducir o período de adaptación a unha semana e unificar este proceso que debe ser diferente para cada nena/o, en base a criterios corporativos ou de conciliación familiar, non fai máis que ir en contra dun principio fundamental da LOMLOE, o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia.

Doutra banda, estas instrucións alimentan novas esixencias ás direccións dos centros, apurando de xeito innecesario a previsión de profesorado provisional, que de seguro condicionará tamén o clima de convivencia dos centros.

Paralelamente, a Consellería anuncia o establecemento de novas aplicacións informáticas de última hora, tal é o caso de PROENS, que non traerán senón máis ca novas complicacións e detraemento de tempo de coordinación pedagóxica real entre o profesorado, coas esixencias de novas burocracias que van no sentido contrario ao desexábel, sen unha planificación formativa realista (anúnciase que será en xullo).

Á vista destas cuestións, o STEG pídelle encarecidamente á Consellería de Educación que rectifique e teña en conta todo o profesorado para a organización e promovendo decisións colexiadas consonte á lexislación vixente. **COMISIÓN PERMANENTE DO SECRETARIADO NACIONAL DO STEG**